

Unha aplicación lúdica, didáctica e participativa

A RAG estrea un 'Ximnasio Léxico' para aprender e fixar o galego

Redacción | Nós Diario

A Real Academia Galega (RAG) e a Fundación Barrié presentaron onte o 'Ximnasio Léxico', unha aplicación de xogo e descubrimento da lingua galega para todos os públicos baseada no Dicionario da RAG, que ten como obxectivo "aprender e afianzar o léxico galego divertíndose e competindo".

Segundo manifestaron Víctor F. Freixanes, presidente da RAG, e a directora da Fundación Barrié, Carmen Arias Romero, a nova aplicación, dispoñible para Android e iOs, pretende axudar a fixar o vocabulario normativo, dándolle aos falantes "máis seguridade, naturalidade e coñecemento de maneira amena".

"É un paso máis cara a unha visión da lingua galega pensando no futuro e apoiándonos nas novas tecnoloxías da comunicación", dixo Freixanes, quen destacou o compoñente "lúdico, didáctico e participativo" da app, un proxecto "moi ambicioso" que gozará dunha actualización constante.

O dicionario da Real Academia Galega recibe cada ano 25 millóns de consultas, lembrou Arias. "A partir de hoxe, ademais de contestar as nosas preguntas, vai preguntar el", unha idea "innovadora" condensada en seis xogos nos que os participantes poderán medir o seu progreso.

Ademais, avanzou Víctor Freixanes, a finais deste ano terá lugar unha Olimpiada Mundial das letras galegas.

